

FALADOIROS DA

CÁTEDRA JUANA DE VEGA

MECENADO E FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO

Venres, 21 de outubro de 2016

Coordinador: Daniel Lanero Táboas. Investigador Ramón y Cajal – Dpto de Historia da USC

Os Faladoiros da Cátedra Juana de Vega son un espazo aberto para a discusión de cuestións relevantes do noso presente que desexamos analizar en todas as súas dimensións, con absoluta liberdade pero tamén co máximo rigor. Nesta ocasión o tema elixido é a relación entre mecenado e financiamento universitario. Pretendemos neste Faladoiro reflexionar sobre a capacidade das universidades españolas en xeral, e das galegas en particular, para a captación de fondos privados; caracterizar e establecer as diferenzas entre os modelos anglosaxón e europeo de mecenado, ou achegarnos a relación entre estas institucións e os propios mecenas. O fin último do Faladoiro é definir unha serie de propostas que poidan contribuír a incentivar por un lado, o mecenado universitario e por outro, as capacidades das universidades para incrementar a captación de fondos privados

PROGRAMA

09.30 – 10.00 h: **Apertura:** Presentación do seminario polo coordinador

10.00 – 11.30 h: **Relatorio 1 e debate: Mecenazgo universitario: reflexiones en torno a la experiencia de EEUU.** Andreu Mas – Colell. Departament d'Economia i Empresa, Universitat Pompeu Fabra.

11.30 – 12.00 h: Pausa

12.00 – 13.30 h: **Relatorio 2 e debate: Ramón Areces: un mecenas clarividente.** José María Medina. Vicepresidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces.

13.30 – 14.30 h: Xantar

14.30 – 16.00 h: **Relatorio 3 e debate: As Fundações e o conhecimento científico.** Eduardo Marçal Grilo. Fundação Calouste Gulbenkian e Instituto Internacional Casa de Mateus

16.00 – 17.00 h: **Debate xeral e conclusións.**

*No seminario participarán 20/25 asistentes convidados especialmente para a ocasión. Toda a sesión será emitida por streaming en juanadevega.org